Guía Didáctica Contextos Musicais
Isabel de la Puente Vaquero
20 de diciembre de 2017

Guía didáctica
Contextos Musicais

O libro dixital *Contextos Musicais* é un recurso deseñado para a aprendizaxe autodidacta e escolar da asignatura de Música do curso 2º de ESO. Atópase premendo nesta URL: **https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmenendezpidal/aulavirtual2/mod/imscp/view.php?id=8198**

1. Obxectivos, estándares e competencias

(tomando como base o Decreto 86/2015 do 25 de xuño)

Obxectivos		Competencias clave
▪ Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical. ▪ Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. ▪ Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais. ▪ Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo. ▪ Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. ▪ Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.	▪ Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	▪ CCEC ▪ CCL
	▪ Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	▪ CMCCT ▪ CCEC
	▪ Interpreta melodías diatónicas con formulacións rítmicas sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	▪ CMCCT ▪ CCEC

Obxectivos		Competencias clave
▪ Formas de notación musical empregadas como expresión musical.	▪ Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol, duración das figuras; signos de prolongación, signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de, tempo, indicacións tímbricas, etc.).	▪ CCEC
▪ Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.		▪ CAA ▪ CCEC
▪ Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento nas interpretacións instrumentais e vocais		▪ CAA ▪ CCEC
▪ Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.	▪ Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	▪ CCEC
▪ Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	▪ Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	▪ CCEC
	▪ Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	▪ CCEC
▪ Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.	▪ Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	▪ CAA ▪ CCEC
▪ Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.	▪ Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	▪ CSIEE
▪ Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.	▪ Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	▪ CCEC

Obxectivos		Competencias clave
▪ Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras. ▪ Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.	▪ Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	▪ CCEC
	▪ Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	▪ CSC
	▪ Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	▪ CSC
	▪ Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	▪ CSIEE
	▪ Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	▪ CSIEE
▪ Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. ▪ Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais. ▪ Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.	▪ Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra e dos diferentes tipos de voces, así como agrupacións vocais e instrumentais.	▪ CCEC
	▪ Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.	▪ CCEC
▪ Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.	▪ Segue partituras como apoio á audición e á interpretación.	▪ CSC
▪ Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.	▪ Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	▪ CCL ▪ CCEC

Obxectivos		Competencias clave
▪ Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.	▪ Describe os elementos das obras musicais propostas.	▪ CCEC
	▪ Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.	▪ CCL
	▪ Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	▪ CSC
▪ Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	▪ Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	▪ CCEC
▪ A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria e nos videoxogos.	▪ Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	▪ CCEC
▪ Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais e dixitais.	▪ Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	▪ CCEC
▪ Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.	▪ Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español, galego e internacional.	▪ CCEC
▪ Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.	▪ Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español, galego e internacional.	▪ CCEC
▪ Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.	▪ Coñece e describe os instrumentos tradicionais español, galego e internacional.	▪ CCEC
	▪ Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	▪ CCL
▪ Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	▪ Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	▪ CCL

Obxectivos		Competencias clave
	▪ Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	▪ CD
▪ Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. ▪ Aplicación de técnicas de gravación para rexistrar as creacións e interpretacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. ▪ Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical. ▪ Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais. ▪ Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.	▪ Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	▪ CD ▪ CSIEE
	▪ Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	▪ CD

2. Metodoloxía e actividades.

No recurso "Contextos musicais" ofrécense nove Unidades Didácticas Integradas nas que o punto de partida é unha peza musical (claramente representativa dun determinado estilo ou xénero) que será abordada dende a práctica: o alumnado interpretará - co instrumental melódico do aula (placas, frautas, teclados ou guitarras) ou cantando individualmente ou en grupo - a voz ou melodía principal.

Este recurso está focalizado na interpretación: é mediante a práctica e a escoita activa como se acada unha comprensión global e correcta do feito musical.

A estructura de cada UDI é sempre a mesma: Actividades de motivación - Materiais multimedia para a interpretación da partitura - Contidos máis "teóricos" relativos á peza interpretada.

Para isto se proporciona en cada unha das nove Unidades:

1. Partituras adaptadas (nos formatos .pdf, .mscz (MuseScore) e MP4.
2. Ou ben catro pistas de audio (formato MP3): a primeira, chamada "máster", contén todas as voces *a tempo*. A segunda, "melodía *adagio*", presenta a melodía principal, exenta, a unha velocidade *adagio*. A terceira, "melodía *a tempo*", presenta de novo a voz principal, illada, xa a velocidade real. A cuarta, "melodía atenuada con acompañamento", contén todas as voces, a tempo real, pero a melodía principal soa máis *piano*, servindo de fondo e guía á interpretación do alumnado.
3. Ou ben de 2 a 4 arquivos MP4 (accesibles na canle de YouTube *Contextos Musicais 2.0*) por cada UDI coas cancións en formato vídeo ("partitura animada"). O primer arquivo presenta a canción con todas as voces para ser escoitada e comprendida visual e auditivamente e o segundo arquivo presenta a canción coa voz principal apagada, atenuada, para que os alumnos e alumnas podan tocar coa base ("karaoke instrumental"). Os arquivos 3 e 4 só se precisan na UDI "Vangardas", pois introducen o son do metrónomo, ferramenta que xulgo de gran axuda para interpretar os sons máis longos (redondas).
4. Textos expositivos – con imaxes e ligazóns - sobre a obra musical escoitada e traballada: obra, estilo, xénero, compositor, contexto, plantilla instrumental ou vocal.
5. Textos expositivos con imaxes e ligazóns a vídeos sobre os instrumentos e xéneros estilísticos presentes nas partituras interpretadas.

6. Imaxes creadas expresamente para este recurso, coas posicións precisas para interpretar as partituras na frauta, nos teclados e nos instrumentos de placas.
7. Actividades de diversa natureza :
    a. Elaboración de presentacións e trabajos de investigación sobre aspectos da obra e/ou do compositor partir dun guión previo.
    b. Cuestionarios con autocorrección (traballados na contorna de actividades EXElearning)
    c. Audición da obra na súa versión "real": actividades variadas para desenvolver a capacidade de lectura de notas, figuras, compases, términos de velocidade, intensidade, exprexión, a capacidade de audición de diversas texturas así como a audición tímbrica, o que conleva uha mellor comprensión estilística.
    d. Audición doutras obras relacionadas coa partitura obxecto de estudo, sobre as que se propoñen cuestións e exercicios para favorecer a reflexión e mellorar a comprensión da música.
    e. Lectura e interpretación musical das partituras de cada UDI utilizando todos os recursos multimedia deseñados expresamente para cada Unidade.

3. Orientacións didácticas para o profesorado: temporalización e avaliación.

Recoméndase seguir a secuencia proposta no libro así como a orde da estructura interna de cada UDI. O criterio no que se basea esta ordenación concreta respecta a gradual dificultade dos conceptos de linguaxe musical introducidos. Cada UDI presenta unha páxina inicial

de *Descripción da UDI* dirixida ao profesorado, onde se explica con detalle a estrutura concreta de cada Unidade.

Cada alumno e cada grupo teñen un ritmo de aprendizaxe propio, pero - de modo orientativo - cada UDI debería poder temporalizarse en 8 sesións, incluíndo as dúas necesarias para avaliar.

- Nunha primeira sesión *Introducción- motivación*, preténdese espertar a curiosidade dos alumnos e alumnas e conectar cos seus coñecementos previos.
- Nas segunda e terceira sesións de *Linguaxe musical* se traballará a lectura da partitura que se vai traballar, facendo uso de todos os recursos dixitais antes descritos. O Aula Virtual é un espazo aberto, sen barreiras físicas nin temporais, que permite o acceso aos contidos tamén dende a casa, podendo traballar individualmente, repetir e adaptar a velocidade, tantas veces como sexa necesario.
- Nas sesións 4ª e 5ª *Interpretación instrumental* se traballará a interpretación da partitura da UDI, facendo uso dos recursos dixitais, que permiten adaptarse a todos e cada un dos diversos ritmos de aprendizaxe do aula.
- Nunha sexta sesión se profundizará nos aspectos técnicos e teóricos da música interpretada: estilo, autor, instrumentos.
- As duas últimas sesións adícanse a avaliar o traballo realizado a través da escoita das interpretacións do alumnado (en directo ou gravado) e da corrección dos traballos/actividades encomendados. Por último, o profesor recollerá as ideas que os alumnos lle transmitan para mellorar a súa práctica docente.